

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS) PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS RÍO HORTEGA, CONCEDIDOS AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (IDIS), A TRAVÉS DA FIDIS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA AES 2022.

Santiago de Compostela 13-02-2023

REUNIDOS

Dunha parte, **Don Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade, nomeado por Decreto 60/2022, de 15 de maio, en representación da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 136/ 2019 e 137/2019, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos; así como no establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E doutra, **D^a. Eloína Núñez Masid**, en calidade de presidenta do Padroado da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, en virtude do seu cargo como titular da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, segundo se establece no artigo 16.2.a) dos seus estatutos, e en virtude da reunión na que tivo lugar a aceptación expresa da presidencia en data 3 de abril de 2017 do Padroado da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, fundación inscrita na folla número 3 do Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, segundo publicación no Diario Oficial de Galicia de 11 de novembro de 1991.

MANIFESTAN

- Que a FIDIS é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do un de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, e réxese ademais polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego e polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego; e que ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego. Con ese propósito, a FIDIS serve de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e contribúe eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, recadando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.

- Que o IDIS é un Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, que se conforma actualmente mediante a asociación da Area Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, que engloba os centros de atención hospitalaria, atención especializada e atención primaria da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) como órgano xestor.

O IDIS ten entre as súas principais funcións:

- . Fomentar a colaboración entre investigadores do ámbito básico, clínico, de saúde pública e en servizos de saúde.
- . Promover a investigación traslacional e a innovación que teñan aplicacións e repercusións clínicas.
- . Fomentar a colaboración entre os centros de investigación do Instituto e outros pertencentes a outras institucións no ámbito autonómico, estatal ou supraestatal.

O IDIS carece de personalidade xurídica propia, polo que os actos xurídicos necesarios para a consecución dos seus fins son adoitados pola FIDIS, como órgano de xestión do Instituto de acordo co Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño, sobre acreditación de Institutos de investigación biomédica ou sanitaria.

- Que o Instituto de Salud Carlos III ditou en data 7 de febreiro de 2022 Resolución da Dirección do Instituto de Saúde Carlos III O.A., M.P., pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2022 de concesión de subvencións da Acción Estratégica en Saúde 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Que ao abeiro da antedita convocatoria para a anualidade 2022, na modalidade Río Hortega cuxo obxecto é a contratación de profesionais, en entidades sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, vencelladas ou concertadas co SNS, con actividade asistencial, que teñan superado a FSE, para o desenvolvemento dun plan de formación en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde que simultanearán con actividade asistencial correspondente a súa especialidade, formalizouse a seguinte solicitude:
 - o Dos Santos Sobrín, Raquel solicita, a través da FIDIS e ao abeiro de dita convocatoria, un contrato modalidade Río Hortega.
 - o Varela Rey, Iria solicita, a través da FIDIS e ao abeiro de dita convocatoria, un contrato modalidade Río Hortega.
 - o Varela Garcia, María solicita, a través da FIDIS e ao abeiro de dita convocatoria, un contrato modalidade Río Hortega.
 - o Toja Camba, Francisco José solicita, a través da FIDIS e ao abeiro de dita convocatoria, un contrato modalidade Río Hortega.
 - o Picáns Leis, Rosaura solicita, a través da FIDIS e ao abeiro de dita convocatoria, un contrato modalidade Río Hortega.
 - o Que en data 14 de decembro de 2022 dítase Resolución do Director do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédense as axudas solicitadas, para a contratación dos candidatos propostos.

- Que en virtude do artigo 3.1.b) da citada convocatoria, que establece: "(...) en los contratos Río Hortega únicamente podrán participar las entidades sanitarias públicas, contempladas en el artículo 4.1. b) apartado 2º de la Orden de bases, con actividad clínico asistencial", é o Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Santiago de Compostela) o que poderá contratar aos candidatos seleccionados.

Que, á vista de canto antecede, as partes conveñen en outorgar o presente acordo con subsección ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Contrato

Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración entre as partes para a formalización dos contratos Río Hortega concedidos ao IDIS a través da FIDIS ao abeiro da convocatoria correspondente ao ano 2022 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, do Programa Estatal de Investigación orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan de de Recuperación, Transformación e Resiliencia, na súa resolución de data 7 de febreiro de 2022.

SEGUNDA.- Compromisos das partes

-Por parte do IDIS, a través da FIDIS:

-Realizar a achega económica ao Servizo Galego de Saúde, (Hospital Universitario de Santiago de Compostela) do importe concedido, isto é,;

- Para os contrato Río Hortega, realizar unha achega económica ao Servizo Galego de Saúde, (Hospital Universitario de Santiago de compostela) do importe concedido, isto é, 325.000,00 euros para os dous anos.

A financiación en cada anualidade estará suxeita a existencia de dispoñibilidade orzamentaria do órgano concedente nos exercicios económicos correspondentes, e condicionada á presentación en tempo e forma da xustificación económica anual.

-Envío de copia dos contratos asinados polas partes ao ISCIII e á Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) no prazo dun mes dende a súa sinatura.

-Colaborar co Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Santiago de Compostela) no seguimento e control da contratación, debendo realizar a xustificación económica e remitirla ao ISCIII, sempre antes do 31 de maio do 2023 e tres meses despois do remate do contrato.

-Xestionar toda a documentación xustificativa (Gastos, Resultado Económico da Actividade, Memoria Científico-Técnica, etc) a través da aplicación de seguimento <https://seguimientoayudas.isciii.es/> e da Sede electrónica do Instituto Carlos III, como centro solicitante das axudas.

-Por parte do Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Santiago de Compostela):

- Realizar, cos fondos achegados polo IDIS, a través da FIDIS, a xestión dos contratos Río Hortega cos candidatos seleccionados, que deberán estar asinados antes do 31 de marzo de 2023, tal como se recolle na Resolución da Dirección do ISCIII, O.A., M.P., pola que se conceden os contratos Río Hortega da convocatoria 2022 da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023. Os fondos distribuiranse preferentemente en 14 pagas.
- Remitir copia dos contratos á FIDIS no prazo máximo de 15 días naturais tras a súa sinatura.
- Facer referencia expresa no contrato ó número de expediente, retribución, tipo de xornada, horas e demais circunstancias, dando cumprimento ás condicións indicadas na convocatoria e a súa resolución.
- Comunicar calquera incidencia que se orixine nos contratos tan pronto como se produza a mesma (Interrupción dos contratos por maternidade, adopción, incapacidade temporal, etc...)
- Non formalizar, asociados a estes contratos, servizos de garda que superen as 96 horas ao mes (24 horas ou fraccións). En todos os casos, antes do seu inicio, estas actividades complementarias deben ser comunicadas e informadas favorablemente polo ISCIII.
- Colaborar co IDIS, a través da FIDIS no seguimento e control da contratación, debendo remitir antes do 1 de maio do 2023, e no prazo máximo dun mes logo do remate do contrato, a documentación relativa á mesma (copia do contrato e memoria económica xustificativa do destino dos fondos).
- Asumir as cotas empresariais á Seguridade Social e resto de gastos da contratación.

TERCEIRA.-Condicións de pago

As achegas económicas que se efectúen por parte do IDIS, a través da FIDIS, e que proveñen da convocatoria correspondente ao ano 2022 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, destinaranse a sufragar os gastos derivados da contratación dos candidatos que estableza a resolución definitiva do órgano concedente.

En concreto, para os contratos Río Hortega o IDIS, a través da FIDIS chegará ao número de conta que ten aberta o Servizo Galego de Saúde [ES75 0081-5363-29-0001087413] un total de 325.000 euros (150.000 euros o primeiro ano e 175.000 euros o segundo ano) en concepto de retribución bruta salarial correspondente aos investigadores contratados. As cotas empresariais á Seguridade Social e resto de gastos de contratación correrán a cargo do Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Santiago de Compostela).

No caso de que, por calquera causa, o convenio se resolvese antes do prazo previsto, devolveranse ao IDIS, a través da FIDIS as cantidades percibidas e non executadas ao momento da resolución, xunto coa documentación reflectida na cláusula segunda.

CUARTA.- Duración

O presente acordo terá efectos dende a data da última sinatura, e a súa vixencia estenderase durante o tempo que dura o prazo de execución da actividade a partir da data de incorporación dos adxudicatarios. En todo caso, o contrato permanecerá vixente ata que se cumpran as obrigas previstas no mesmo.

QUINTA.- Comisión de seguimento

O seguimento das accións que o Convenio contempla, levaranse a cabo a través dunha Comisión de Seguimento que estará constituída por dous representantes designados polo Servizo Galego de Saúde e pola FIDIS, ao obxecto de avaliar o desenvolvemento das actividades derivadas do Convenio e o seu grao de cumprimento.

Por parte da FIDIS:

A Directora da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela.

Por parte do SERVIZO GALEGO DE SAÚDE:

A Directora da área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria da ACIS.

Asemade, serán funcións da citada Comisión de Seguimento, interpretar e resolver cantas dúbidas e discrepancias puideran xurdir no cumprimento deste Convenio, así como todas aquelas cuestións que se produzan na execución do mesmo, fixando os criterios de seguimento e avaliación dos resultados.

SEXTA.- Xustificación

O Servizo Galego de Saúde responderá directamente fronte á FIDIS do cumprimento da obriga de destinar, no prazo previsto, as cantidades detalladas na cláusula terceira, para a realización das actuacións previstas no presente acordo.

Se, como consecuencia do incumprimento das obrigas do Servizo Galego de Saúde, a FIDIS se vira obrigada a devolver ó órgano concedente unha parte ou a totalidade da cantidade achegada, aquela comprométese a restituír dito importe á Fundación, cos intereses de demora que, no seu caso, puideran proceder en dereito.

SÉTIMA.- Publicidade

Deberase dar a axeitada publicidade do carácter público da actividade subvencionada, indicando, se fose o caso, o cofinanciamento con fondos europeos ou doutras Administracións públicas, de acordo co establecido nos regulamentos da Unión Europea.

En concreto, nos contratos laborais que se formalicen ao abeiro do presente acordo, deberase incluír a seguinte información:

- Logo ISCIII
- Logo MINISTERIO DE CIENCIA e INNOVACIÓN.

A maiores, para os contratos Río Hortega, deberase incluír a seguinte información:

- O emblema da Unión.
- Xunto con emblema da Unión, incluírase o texto "*Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU*".
- Logo do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Nº expdte: CM 22/00117** outorgado a Raquel Dos santos Sobrín na resolución de 14 de decembro de 2022, do Instituto de Salud Carlos III, O.A., M.P., pola que se conceden contratos Río Hortega da convocatoria 2022 da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

-Núm. expdte: CM22/00055 outorgado a Iria Varela Rey na resolución de 14 de decembro de 2022, do Instituto de Salud Carlos III, O.A., M.P., pola que se conceden contratos Río Hortega da convocatoria 2022 da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

-Núm. expdte: CM 22/00070 outorgado a María Varela García, na resolución de 14 de decembro de 2022, do Instituto de Salud Carlos III, O.A., M.P., pola que se conceden contratos Río Hortega da convocatoria 2022 da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

-Núm. expdte: CM 22/00146 outorgado a Francisco José Toja Camba, na resolución de 14 de decembro de 2022, do Instituto de Salud Carlos III, O.A., M.P., pola que se conceden contratos Río Hortega da convocatoria 2022 da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

-Núm. expdte: CM 22/00057 outorgado a Rosaura Picáns Leis, na resolución de 14 de decembro de 2022, do Instituto de Salud Carlos III, O.A., M.P., pola que se conceden contratos Río Hortega da convocatoria 2022 da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

OITAVA.- Cuestións litixiosas e xurisdición

O presente acordo someterase e interpretarase conforme á lexislación española. Para a solución das diverxencias que puideran xurdir na interpretación, execución ou validez do mesmo, as partes someteranse á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

A sinatura deste Convenio de Colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade co íntegro contido do presente Convenio, as partes o asinan, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

A FIDIS

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Asdo.: Dona. Eloina Masid Núñez

Asdo.: Don Julio García Comesaña